



EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

## BANDO

### MOISÉS RODRIGUEZ PÉREZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE TUI

FAI SABER a todos os cidadáns

Que en aplicación da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local como na Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a protección da salubridade e o ornato público é unha competencia municipal. En aplicación da mesma requirimos aos propietarios dos predios deshabitados no conxunto histórico a limpeza dos mesmos así como a colocación de portas e fiestras nos vanos existentes ou, no seu defecto, proceder aos seu tapiado deixando a zona exterior cun enlucido axeitado ao entorno. De non efectuar estas medidas de salubridade e ornato no prazo de 1 mes este Concello procederá a iniciar a correspondente orde de execución legalmente establecida no Regulamento de Disciplina Urbanística, Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.

Igualmente informamos que de cara á inmediata peonalización das rúas do conxunto histórico e para regular o acceso de vehículos establece un prazo so 1 ao 30 de setembro para que os residentes empadroados neste área procedan a inscribir os vehículos da súa propiedade, que estean dados de alta no padrón municipal de vehículos e co seu pago actualizado, no correspondente rexistro na Secretaria do Concello en horario de 09,00 a 14,00 horas.

Lembramos a todos os veciños que os horarios de depósito de lixo nos contedores soterrados existentes é de 21,00 a 24,00 horas estando terminantemente prohibido depositar os residuos fora dos correspondentes contedores ao afectar á salubridade e ornato público.

Finalmente, lembrar que está aberto o prazo para solicitar axudas para a rehabilitación de vivendas no casco histórico tudense ao abeiro do programa da Area de Rehabilitación Integral. Na oficina de Rehabilitación – Portelo Único de Vivenda na Casa do Concello, se ofrece información e asesoramento para a tramitación destas axudas que poden acadar ata o 75% do orzamento cun máximo de 20.200 euros.

Converter o conxunto histórico tudense nun referente da nosa cidade polos seus recursos patrimoniais e turísticos e lograr as mellores condicións de vida para os seus veciños son os obxectivos que pretende o Concello de Tui con estas medidas, solicitando a imprescindible colaboración de todos os cidadáns.

O que se dicta para publico coñecemento

Tui, 9 de agosto de 2011

Asdo.: Moisés Rodríguez Pérez